



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

IV XORNADAS PACEGAS

Tor e Narla nas revoltas irmandiñas:
torres, fortalezas, sociedade

IV XORNADAS PACEGAS

MUSEO PAZO DE TOR

6 e 7 DE MAIO DE 2024

Coordinación xeral: **Encarna Lago González**

Coordinación científica: **Simón Vicente López**

A **Rede Museística Provincial de Lugo** organiza todos os anos no **Museo Pazo de Tor** unhas xornadas científicas que queren ser encontros dialogados arredor da civilización dos pazos e fortalezas. Cada edición conta cun pretexto argumental no que se convida a especialistas de reputada traxectoria investigadora para que transmitan as súas aportacións fóra dos ámbitos que lles son máis habituais.

Trátase de incentivar a colaboración institucional entre universidades e museos, de que o coñecemento rigoroso saia dos despachos e transite espazos accesíbeis, abertos ao diálogo e cun contrapunto chave, o da participación doutros axentes vencellados ao coidado do noso patrimonio. Trénzase, logo, a investigación académica coa experiencia da acción cultural comprometida.

Os vindeiros 06 e 07 de maio celebraremos a IV edición destas xornadas. Nesta ocasión, o leitmotiv do encontro será o das revoltas irmandiñas. Por varias razóns. Foron determinantes

para o nacemento dos pazos como a tipoloxía que viu substituír as torres e casas fortes derrocadas polos insurrectos e porque tanto o Pazo de Tor coma, especialmente, a Fortaleza de San Paio de Narla, son edificios que non se entenderían sen os cambios provocados por aquela revolución.

De acordo con estas premisas, as IV Xornadas plantéxanse dende varias perspectivas organizadas en dous grandes bloques. Abordaranse as causas da destrución das fortalezas a mans da Irmandade, as torres e casas forte en tanto entidades de poder, a presenza feminina nos irmandiños, o papel xogado pola Igrexa e a posición da nobreza galega tralas revoltas. E dado que o Pazo de Tor vén de recuperar para o patrimonio público a estatua dun cabaleiro xacente do século XV, haberá un monográfico sobre iconografía funeraria baixomedieval: damas e cabaleiros ante a morte. Todo baixo o epígrafe: **“Tor e Narla nas revoltas irmandiñas: torres, fortalezas, sociedade”**.

Inscripcións a través do correo: **concertacionsrmp@gmail.com**

LUNS, 6 DE MAIO

Fortalezas, Irmandade, irmandiñas, Igrexa e nobreza

16:30

Xosé Manuel Sánchez Sánchez, Profesor axudante doutor, Área de Historia Medieval (Facultade de Xeografía e Historia) da USC. Coordinador do Máster Interuniversitario Patrimonio Cultural Dixital. Medievalista interesado na historia social do poder, da vida cotiá e mentalidade medievais. Ofrecerá un relatorio sobre os castelos galegos e a súa imaxe na revolta: **“Irmandiños, revoltas, castelos e ideas: atacando os edificios que amosan o poder”**.

17:15

Francisco Javier Pérez Rodríguez, Doutor en Historia Medieval pola USC. Profesor titular na área de Historia Medieval do Departamento de Historia, Arte e Xeografía da Universidade de Vigo (Campus Ourense). Especializado na Historia da Igrexa no Reino de Galiza durante a Idade Media, o seu relatorio abordará o papel xogado pola Igrexa nas revoltas: **“A participación da Igrexa galega nas revoltas irmandiñas”**.

18:00

Miguel García Fernández, Técnico superior de actividades técnicas e profesionais do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC), especialista en Historia Medieval e Moderna e na historia social das mulleres na Idade Media. Intervirá cunha charla sobre as mulleres galegas ante a revolta irmandiña cunha figura directamente involucrada: dona Teresa de Zúñiga: **“Para que “los pequeños e los medianos e los grandes vivamos bien”: dona Teresa de Zúñiga e as mulleres galegas ante a revolta irmandiña”**.

18:45

Pablo Otero Piñeyro Maseda, Director do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC), Doutor en Historia pola USC, desenvolve a súas liñas de investigación arredor das coleccións documentais de mosteiros e casas nobres e da historia social da nobreza galega da Baixa Idade Media. Participa cun percorrido pola casa señorial galega despois das revoltas: das torres aos pazos: **“A casa señorial en Galicia tralas revoltas”**.

19:30

Simón Vicente López, Doutor en Historia da Arte pola USC, traballa como auxiliar de sala na Rede Museística Provincial de Lugo. O seu relatorio abordará a doazón dunha escultura de cabaleiro medieval relacionada coa liñaxe do Pazo de Tor: **“A morte do cabaleiro de Tor e o seu bestiario”**.

MARTES, 7 DE MAIO

Donas e cabaleiros ante a morte: iconografía dos sepulcros galegos na Baixa Idade Media

16:30

María Dolores Barral Rivadulla, Profesora Titular do departamento de Historia da Arte da USC, universidade na que se doutorou. As súas investigacións abranguen aspectos iconográficos, arquitectónicos e artísticos da Idade Media con particular interese pola mentalidade e o comportamento social da nobreza baixomedieval. O seu relatorio asumirá o caso dos sepulcros das mulleres galegas nos anos finais da Idade Media: **"Dime como vistes e adornas e direi quen es. A imaxe da muller na escultura funeraria medieval galega"**.

17:15

Marta Cendón Fernández, Profesora Titular de Historia da Arte na Facultade de Xeografía e Historia da USC, é doutora en Historia da Arte cunha tese sobre iconografía funeraria episcopal. Estuda o mundo das imaxes iconográficas arredor da morte e das mulleres galegas na Baixa Idade Media, con publicacións, así mesmo, sobre sepulcros baixomedievais de reis e cabaleiros. Falará sobre a búsqueda da eternidade dos cabaleiros galegos a través dos seus sepulcros: **"Guerreiros para a eternidade. Sepulcros de cabaleiros na Galicia Baixomedieval"**.

FORTALEZA NEGRA
Loito, cinzas



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

IV XORNADAS PACEGAS

Tor e Narla nas revoltas irmandiñas:
torres, fortalezas, sociedade

FORCADA

Ferramenta agraria
utilizada nas revoltas
como arma



DIAGONAL AZUL
Símbolo de Galicia



IRMANDIÑOS

